

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA O DESEÑO E REALIZACIÓN DE ACCIÓNS E PRODUTOS PROMOCIONAIS E DE PUBLICIDADE DIXITAL NO MARCO DO PROXECTO CANTATA 2

O expediente para a contratación do servizo para o deseño e realización de accións e produtos promocionais e de publicidade dixital no marco do proxecto Cantata 2 iniciouse o 26 de abril de 2011 mediante resolución do director xeral de Agader, cun orzamento de licitación de 58.000 €, IVE incluído. Tramitouse polo procedemento negociado, ao abeiro dos artigos 153 a 162 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en diante, LCSP).

O 30 de xuño de 2011, o secretario xeral de Agader propuxo a adxudicación do contrato citado.

De acordo coa proposta citada, o director xeral, en virtude das facultades delegadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 21 de xuño de 2007, segundo o previsto no artigo 6.1 j) do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia,


RESOLVE

Adjudicar o contrato de servizos para o deseño e realización de accións e produtos promocionais e de publicidade dixital no marco do proxecto Cantata 2, á empresa **INCIS S.L.** con CIF **B15250178**, por un importe de **55.679,48 €**, IVE incluído.

De acordo co previsto no artigo 140.1 da LCSP, o contrato deberá formalizarse no prazo máximo de quince (15) días hábiles a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación desta adxudicación.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, conforme ao disposto na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2011
O director xeral de Agader



Antonio Crespo Iglesias